

2

**Taxa pola utilización das
instalacións de propiedade
municipal.**



M O S
A N U N C I O

Rematado o período de exposición ao público e non téndose presentadas reclamacións enténdese definitivamente adoptado o acordo plenario de data 25.08.2011 de aprobación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PROPIEDAD MUNICIPAL cuxo texto se reproduce a continuación:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS
DE PROPIEDAD MUNICIPAL.**

ARTIGO 1.º . FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Mos establece a Taxa pola utilización das instalacións de propiedade municipal, a que se refire o artigo 20. 4) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do ditado Real Decreto Lexislativo.

ARTIGO 2.º . CONCEPTO. FEITO IMPOÑIBLE.

1.—A taxa regulada nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a utilización das instalacións deportivas municipais que a continuación se detallan:

- 1.1.—Pavillóns polideportivos municipais
- 1.2.—Ximnasio municipal

**ARTIGO 3.º . SUXEITOS PASIVOS.**

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza quen solicite a utilización das instalacións deportivas e culturais municipais enumeradas no artigo anterior, e quenes as utilicen aínda sen ter obtido a preceptiva autorización.

Non obstante o anterior e en cumprimento do artigo 27.2 do Texto Refundido 2/2004 de 5 de marzo poderanse establecer convenios puntuais de colaboración entre o Concello e entidades, institucións e organizacións, clubs, colexios e outras entidades que o soliciten, co fin de simplificar o cumprimento de obrigacións formais e materiais derivados de aqueles ou os procedementos de liquidación ou recadación.

Os citados convenios levaranse a cabo da seguinte forma:

- a) Solicitude de dita institución
- b) Proposta do Concelleiro de Deportes informada previamente polo Órgano de Xestión de Deportes
- c) Aprobación pola Comisión de Goberno

Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4.º . TARIFA.

1.—A taxa que se debe pagar ó Concello pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

4.1. PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS.

- a) Alquiler de pista: 15 euros/hora.

4.2. INSTALACIÓNS DO XIMNASIO MUNICIPAL.

Abono 20 sesións. 15 euros

4.3. PISCINA DE SAN ELEUTERIO

Entrada para persoas maiores de 10 anos 1,50 euros

ARTIGO 5.º . NORMAS DE XESTIÓN.

1. As solicitudes para a utilización das instalacións de propiedade municipal serán realizadas nun escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Mos ou ao Concelleiro delegado competente polos interesados, cunha antelación mínima de 3 días hábiles en relación ó momento no que se pretenda a súa utilización, concretando a data, hora, actividade a desenvolver e demais circunstancias de interese, que serán admitidas sempre e cando existan prazas para o desenvolvemento da actividade solicitada.

2. A obriga do pagamento da taxa orixinarase no momento no que se autorice a utilización das instalacións deportivas e culturais enumeradas no artigo 4.º.

A autorización corresponderá a Alcaldía do Concello de Mos ou concelleiro delegado. O encargado das instalacións non permitirá a súa utilización sen a presentación da autorización municipal e do xustificante de ter ingresada a correspondente taxa.

3. O Concello de Mos, en casos debidamente xustificados, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, das indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse nas instalacións municipais. Este depósito poderá constituírse en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros.



Devolverase o seu importe, previo informe do xefe da sección no que conste que non se causaron danos ou que estes foron reparados.

4. O solicitante do servizo fará o ingreso da taxa consonte ás tarifas establecidas no artigo 4, e o ingreso farase en calquera das entidades bancarias nas que o Concello teña conta aberta, unha vez sexa autorizada a utilización das correspondentes instalacións

5. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo, a utilización non teña lugar, procederá a devolución do importe correspondente.

6. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia, no caso dos particulares, ós empadroados no Concello de Mos e, no caso de entidades, ás que teñan a súa sede social no Concello.

Disposición final

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa. No caso de modificacións parciais, os artigos non modificados continuarán vixentes. As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado, ou outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento desta ordenanza, serán de aplicación automática.

Mos, 16.08.2010.—A Alcaldía, Nidia Arévalo Gómez.

2011010715

*Corrección de erro*

Detectado erro na publicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa utilización das instalacións de propiedade municipal, publicada no B.O.P número 217 de 11 de novembro de 2011, , ó abeiro do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, rectificase dita publicación:

— Páxina nº 16 do BOP, artigo 4º, onde dí:

“1.—A taxa que se debe pagar ó Concello pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

4.1. PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS

a) Alquiler de pista: 15 euros/hora.

4.2. INSTALACIÓNS DO XIMNASIO MUNICIPAL.

Abono 20 sesións 15 euros

4.3. PISCINA DE SAN ELEUTERIO

Entrada para persoas maiores de 10 anos 1,50 euros”

Debe dicir:

“1.—A taxa que se debe pagar ó Concello pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

4.1. PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS

b) Aluguer de pista: 15 euros/hora.

4.2. INSTALACIÓNS DO XIMNASIO MUNICIPAL.

Abono 20 sesións: 15 euros

4.3. PISCINA DE SAN ELEUTERIO

Entrada para persoas maiores de 10 anos: 1,50 euros

4.4. MULTUSOS

— Cando o solicitante non cobre entrada, a tarifa será de 25 euros por hora ou fracción

— Cando o solicitante cobre entrada a tarifa será de 60 euros por hora ou fracción

— Para actividades extraordinarias a tarifa será de 95 euros por hora ou fracción”

Mos, 16 de novembro de 2011.—A alcaldesa, Nidia María Arévalo Gómez.

2011011383

* * *